



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: OFERTA E SELECCIÓN DE DÚAS PRAZAS, DE DURACIÓN DETERMINADA PARA O PROGRAMA DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” NOS CONCELLOS.

Este Concello solicitou subvención para a contratación de dous/dúas traballadores/as en réxime de contrato en prácticas, de conformidade co BOPPO N.º 92 de data 15 de maio de 2019, no que se establecen as *bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de ata dúas persoas en réxime de contrato en prácticas.*

Trátase da contratación en interese do fomento da empregabilidade dos desempregados da Provincia de Pontevedra de dous/dúas traballadores/as a xornada completa durante 6 meses prorrogables ata 2 anos, para colaborar cos correspondentes servizos municipais e para as seguintes titulacións:

- Diplomatura/Grao en Educación Social.
- Grao en enxeñería de Edificación Arquitectura Técnica/Arquitectura Técnica en Execución de Obras.

Segundo se establece nas bases publicadas no mencionado BOPPO, o Servizo Público de Emprego de Galicia remitirá a correspondente relación de preseleccionados (un máximo de 5 por posto ofertado), recaendo a selección nun tribunal constituído por funcionarios do Concello, que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Visto o artigo 14.2 das Bases que rexen a subvención publicadas no BOPPO nº 92, que dí: *“A selección efectuarase entre demandantes de emprego desempregados ou co cartón de mellora de emprego, inscritos no Servizo Público de Emprego e que cumpran os requisitos esixidos para a formalización dun contrato en prácticas, descritos na base 4 da convocatoria.”*

Visto que a Deputación de Pontevedra en data 24/07/2019 (RE 1922 DE 30/07/2019) comunicou ó Concello a resolución pola que se lle concede a subvención de dous/dúas traballadores/as ó Concello de As Neves, ó abeiro das citadas Bases.

Visto que na citada Orde e na resolución de concesión se establece que as mencionadas axudas ou subvencións irán destinadas a financiar, durante un período de seis meses e doutros seis en caso de prórroga, a contratación en prácticas de ata un máximo de dous/dúas traballadores/as desempregados que reúnan os requisitos establecidos no artigo 14 das Bases, e co límite máximo de 1.000€ por traballador/mes, ata o máximo de 12 meses.

Visto que a retribución total do contrato en prácticas mensual será de 1.050,00 € e o custo da Seguridade Social mensual será de 383,62 €, tomando como base o salario dun funcionario de carreira que desempeñe as mesmas funcións.

O Servizo Público de Emprego de Galicia remitirá a corresponden relación de candidatos, tendo en conta as condicións requiridas, recaendo no tribunal formado por funcionarios do Concello a competencia para efectua-la selección entre estes.

O obxecto da presente resolución é proceder a ofertar as prazas mencionadas e



establece-los criterios para a súa selección.

- As praza oferta terá as seguintes características:

2 Traballadores/as contrato en prácticas

1. Duración: Mínimo 6 meses, máximo 24 Meses.
2. Xornada: Completa de Luns a Venres.
3. Retribucións Salariais:

Salario Bruto incluída prorratea pagas extras: 1.050,00€

Seguridade Social: 383,62€

Total custe mensual: 1433,62 €

Así, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, e vista a Fiscalización da Intervención, DISPOÑO:

1º. Aproba-las correspondentes ofertas de emprego das praza en interese do fomento da empregabilidade dos desempregados da Provincia de Pontevedra, e tendo en conta que só poderán optar a ela os candidatos que previamente remita ó Servizo Público de Emprego de Galicia.

2º Aproba-los seguintes criterios e procedemento ós que se axustará a selección dos postos de traballo mencionados, e tendo en conta a posibilidade de aumenta-la puntuación segundo o baremo exposto a continuación.

BASE PRIMEIRA: REQUISITOS:

a) Os traballadores ou traballadoras que se contraten deberá ser, en todo caso, persoas demandantes de emprego desempregadas ou co cartón de mellora de emprego, inscritas no Servizo Público de Emprego e que cumpran os **requisitos esixidos para a formalización dun contrato en prácticas seguintes:**

1) Que estean en posesión das titulacións que corresponden a cada posto e que son as seguintes:

- Diplomatura/Grao en Educación Social.
- Grao en enxeñería de Edificación Arquitectura Técnica/Arquitectura Técnica en Execución de Obras.

2) Que non transcorresen mais de cinco anos, ou de sete cando o contrato se celebre cunha persoa con discapacidade, desde a terminación dos estudos.

3) Que non estivesen contratadas ou contratados en prácticas pola mesma ou distinta persoa física ou xurídica por tempo superior a un ano (o que deberá comprobar a entidade colaboradora a través da vida laboral das persoas candidatas, os grupos de cotización asignados son o 1 ou 2 para universitarios e o 3 para os ciclos superiores).

b) Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

c) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera



administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

d) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión Europea, deberá, posuíalo permiso de traballo necesario, de acordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.

e) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

f) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

BASE SEGUNDA: BAREMACIÓN DE MÉRITOS:

Os méritos que se terán en conta para a praza serán os seguintes:

a) Expediente académico: **ata un máximo de 4,00 puntos**, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo R. d. 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo R. d. 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non estea calculada polas normas referidas ou esta non se especifique valorarase con 0,00 puntos.

b) Por ter un doutoramento relacionado co contido da bolsa, **2,00 puntos**

c) Por cada título oficial de mestrado universitario ou título propio da universidade de mestrado relacionado co contido da bolsa, 0,50 puntos cada un, ata un **máximo de 1 punto**

d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato en prácticas, 0,50 puntos por título ata un **máximo de 1 punto** (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de mestrado ou doutoramento)

e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua), ata un **máximo de 2 puntos**, que se computarán do seguinte xeito:

a) De máis de 150 horas duración: 0,30 puntos por curso.

b) De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso.

c) De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso.

d) De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso.



e) De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

O tribunal cualificador poderá requirirles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada así como cantas precisións estimen oportunas.

As persoas candidatas que accedan con titulacións de licenciatura, arquitectura ou enxeñaría (títulos pre-Boloña) que teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificación para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, **equivalente a un máster universitario.**

BASE TERCEIRA: DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes formalizaranse nos modelos que se xuntan a estas bases e **deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de As Neves, de luns a venres: 09:00-14:00 h, e o prazo remata as 14:00 do día 30/08/2019.**

Documentación xeral a presentar:

- Instancia no modelo normalizado que figura como anexo I
- Copia compulsada do DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- Declaración xurada de cumprir os requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente. (Anexo II)
- Documento acreditativo dos períodos de inscrición como desempregado emitido pola Oficina de Emprego.
- Certificado de vida laboral
- Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados en orixinal ou copia compulsada (certificado de expediente académico, títulos, certificados de cursos, etc.)

BASE CUARTA: PROCEDIMIENTO:

Os méritos apreciaranse polo Tribunal á vista do currículo enviado polo Servizo Público de Emprego de Galicia e polos documentos que verifiquen os méritos susceptibles de baremación.

Nesta fase só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente antes **das 14:00 horas do día 30/08/2019.**

Aquel ou aquela que obteña a máxima puntuación, logo da valoración dos méritos será proposto para a praza.



En caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos en que se produza una infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade. En caso de que o citado precepto non resulte aplicable ou persista o empate tras a súa aplicación, resolverase o empate en función da nota media global do expediente académico e, de persistir este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados.

No taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do concello publicaranse as puntuacións outorgadas, xunto coa relación de candidaturas seleccionadas por orde decrecente para cada unha das titulacións ofertadas, indicando as persoas candidatas seleccionadas e as correspondentes suplentes.

BASE QUINTA: TRIBUNAL AVALIADOR

O Tribunal avaliador estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: A Secretaria-Interventora da Corporación María Jesús Rodríguez Freire ou persoa en quen delegue.
- Vogal: O funcionario auxiliar adscrito a secretaría do Concello de Covelo, Luis Carlos López Vázquez ou persoa en quen delegue.
- Secretaria: A funcionaria Técnica en Xestión, do Concello das Neves, Concepción Eulalia Solano De Eyto ou persoa en quen delegue.

BASE SEXTA: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

O/a aspirante proposto/a presentará no rexistro do Concello, no prazo de 2 días hábiles contados desde a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:

- Copia da tarxeta de desemprego
- Copia da tarxeta da Seguridade Social
- Certificado orixinal da titularidade de conta bancaria

Igualmente deberá acudir, na data e hora que se lle indique, a formalizar a correspondente revisión médica.

As Neves, na data sinalada á marxe

O ALCALDE

A SECRETARIA

Asdo.: Xosé Manuel Rodríguez Méndez

Asdo.: María Jesús Rodríguez Freire

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

